

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 5 DE ABRIL DE 2024

Ás 10:50 horas do día 5 de abril de 2024, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 2 de abril de 2024, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica  
Olga Gómez Corbal, suplente do interventor xeral  
Dolores Hernández Vidal, suplente do técnico medio de Servizos Económicos de Dirección de Ingresos  
José Angel Otero Lamas, xefe de área de Investimentos  
María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 2a, 2c, 2d, 3a, 3c, 3d, 8a, 9a e 10a)  
María Carla Candia Paz, xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (asiste aos puntos 2b, 3b e 11c)  
Jesús López Moure, xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural (asiste ao punto 7a)  
Gilberto Moldes Crespo, xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns (asiste ao punto 11a)  
Ruth María Gallego Santos, técnica de xestión e suplente do xefe de Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas (asiste aos puntos 11b e 11d)

**Secretaria:** María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### 2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo "Vigo en Inglés 2024-2025" (62810-332)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 15:01	Páxina 1 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1A64H-CDBA4B-3BD889-GKLF1A-LEC78G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes, admitir neste procedemento a NEW LINK EDUCATION, S.L., por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

**b) Procedemento aberto do servizo de mantemento dos edificios dos Centros Municipais de Distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (11206-320)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes, admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. CIES OBRA CIVIL, S.L.
2. CLECE FS, S.A.

**c) Procedemento aberto do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas (62777-332)**

Retírase da orde do día pola interposición do recurso especial en materia de contratación nº 40/2024 ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), de data 20 de marzo de 2024, por parte D<sup>a</sup>. María Montserrat Carrera Leiros, en nome e representación de SINDICATO NACIONAL DE COMISIÓNS OBREIRAS DE GALICIA contra os pregos que rexen a presente licitación.

**d) Procedemento aberto dos servizos de limpeza e de pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (1534-613)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 15:01	Páxina 2 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1A64H-CDBA4B-3BD889-GKLF1A-LEC78G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes, admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. CLN SERVICIOS INTEGRALES, S.L.
2. EULEN, S.A.
3. LIMPERGAL, S.L.
4. LIMPIEZAS CIES, S. L.
5. MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.
6. PROINTAL, S.L.
7. SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A.
8. SAMYL FACILITY SERVICES, S.L.

### 3. Apertura das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor (procedementos abertos)

#### a) Procedemento aberto dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo "Vigo en Inglés 2024-2025" (62810-332)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliábel mediante xuízo de valor" do licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

#### b) Procedemento aberto do servizo de mantemento dos edificios dos Centros Municipais de Distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (11206-320)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliábel mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

#### c) Procedemento aberto do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas (62777-332)

Retírase da orde do día polo motivo sinalado no punto 2a.

#### d) Procedemento aberto dos servizos de limpeza e de pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (1534-613)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 15:01	Páxina 3 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1A64H-CDBA4B-3BD889-GKLF1A-LEC78G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

## 7. Dar conta da existencia de ofertas anormalmente baixas

### a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de mantemento preventivo e correctivo das instalacións de climatización e calefacción dos centros adscritos á rede de museos municipais para a contratación (3513-341)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural do 21 de marzo de 2024, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda por unanimidade dos/as membros presentes, iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con ACEUVE SLU por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

## 8. Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas anormalmente baixas

### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria (aqs) dos colexios públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26422-332)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 15 de marzo de 2024, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con ELECNOR SERVICIOS Y PROYECTOS ,S.A.U.

Durante o prazo concedido, a licitadora presentou documentación da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 20 de marzo de 2024 a xefa do Servizo de Educación emitiu informe sobre documentación presentada no que se indica que "En resposta ao anterior requirimento, ELECNOR SERVICIOS Y PROYECTOS S.A. presenta a través do Rexistro Xeral Municipal (documento 240099068) o 20 de marzo de 2024 unha declaración responsable na que manifesta a existencia dun erro na oferta que presentou, admitindo que a mesma é desproporcionada. Consecuentemente, a mercantil non xustifica a súa oferta económica."

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación:

- Excluir deste procedemento a ELECNOR SERVICIOS Y PROYECTOS S.A., por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 15:01	Páxina 4 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1A64H-CDBA4B-3BD889-GKLF1A-LEC78G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



## 9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula

### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria (aq) dos colexios públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26422-332)

A continuación entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 20 de marzo de 2024 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

## 10.- Propostas de clasificación (procedementos abertos) ou clasificación (procedementos abertos simplificados)

### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria (aq) dos colexios públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26422-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a ELEC NOR SERVICIOS Y PROYECTOS, S.A., por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 20 de marzo de 2024.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria (aq) dos colexios públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26422-332) na seguinte orde descendente:

	EMPRESA	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A.U.	96,00
2º	SACYR FACILITIES, S.A.	80,93
3º	JESÚS SOAGE LOIRA	72,07
4º	MONCOBRA, S.A.	65,89



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 15:01	Páxina 5 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1A64H-CDBA4B-3BD889-GKLF1A-LEC78G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que debe acreditarse a habilitación profesional esixida segundo o apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

## 11. Propostas de adjudicación

### a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de mobiliario urbano (50396-446)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que na sesión de data 15 de marzo de 2024, comprobada a documentación presentada polos licitadores en primeiro lugar, concedeuse un prazo de 3 días a:

- BENITO URBAN, S.L.U. (Lote 1) que, en concreto debía presentar acreditación da solvencia técnica e profesional.
- PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U. (Lotes 2 y 3) que, en concreto debía presentar, a escritura de apoderamento do seu representante.

Dentro do prazo concedido ambas licitadoras presentan a documentación requirida.

Tendo en conta o anterior, consta presentada, no expediente, por parte de ambas licitadoras, a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resgardo da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, figuran no expediente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT, Concello de Vigo e ATRIGA) e coa Seguridade Social.

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adjudicación deste procedemento, como segue:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 15:01	Páxina 6 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1A64H-CDBA4B-3BD889-GKLF1A-LEC78G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de mobiliario urbano (50396-446)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 24 de novembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE DIVULGACIÓN DOS ESPAZOS MUSEALIZADOS DA FORTALEZA DE VIGO.*

*2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola xefa de Patrimonio Histórico o 29 de decembro de 2023.*

*3º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación o 5 de febreiro de 2024.*

*4º.- Autorizar o gasto:*

*A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 169.438,84 euros*

*B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN (21%): 29.406,74 euros*

*C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 140.032,10 euros*

*D) ANUALIDADES CON IVE E APLICACIÓN ORZAMENTARIA:*

Anualidade	Datas	Importes	Partidas
2024	23/07/2024 31/12/2024	36.565,35 euros	3360.2279903. Prestación servizos galerías muralla O Castro
2025	01/01/2025 31/12/2025	80.000 euros	3360.2279903. Prestación servizos galerías muralla O Castro
		4.473,05 euros	3360.2260900. Representacións histórico-cultural
2026	01/01/2026 22/07/2026	48.400,44 euros	3360.2279903. Prestación servizos galerías muralla O Castro

*5º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 15:01	Páxina 7 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1A64H-CDBA4B-3BD889-GKLF1A-LEC78G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Segundo.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 1 de febreiro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de mobiliario urbano (50396-446) na seguinte orde descendente:

- LOTE 1

	Licitador	Puntuación
1	BENITO URBAN, S.L.U.	95,00
2	PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U.	78,88

- LOTE 2

	Licitador	Puntuación
1	PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U.	100

- LOTE 3

	Licitador	Puntuación
1	PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U.	100

**Segundo.-** Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, BENITO URBAN, S.L.U. (Lote 1) PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U. (Lotes 2 e 3), para que presenten, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscritos no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI."

**Terceiro.-** Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, BENITO URBAN, S.L.U. (Lote 1) PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U. (Lotes 2 e 3), o día 2 de febreiro de 2024, notificándose, asemade addenda á devandita notificación, o día 4 de marzo de 2024, requirindo, a maiores, a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional.

Ambos licitadores presentan documentación requirida dentro dos prazos concedidos.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na súa sesión de data 15 de marzo de 2023 acorda conceder un prazo de tres días a BENITO URBAN, S.L.U. (Lote 1) PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U. (Lotes 2 e 3) para que poida emendar a seguinte documentación:

- BENITO URBAN, S.L.U. (Lote 1) debía presentar acreditación da solvencia técnica e profesional.
- PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U. (Lotes 2 y 3) debía presentar, a escritura de apoderamento do seu representante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 15:01	Páxina 8 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1A64H-CDBA4B-3BD889-GKLF1A-LEC78G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



Durante o prazo concedido, os licitador presentaron a devandita documentación o 23 e o 21 de marzo de 2024, respectivamente.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- BENITO URBAN, S.L.U. (Lote 1)

- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (27.888,00 €), presentan declaración e as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (27.888,00 €), presentan certificados de boa execución/declaración e facturas nos que a suma dos importes tanto do ano 2021, como dos anos 2022 e 2023 superan esta cantidade.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Aval por un importe de 3.429,75 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA e o certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da sociedade, así como o apoderado e a declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.

- PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U. (Lotes 2 e 3)

- Escritura de apoderamento do seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (a de maior importe do Lote 3: 4.368,00 €), presentan as contas. do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (a de maior importe do Lote 3: 4.368,00 €), presentan relación de traballos e certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2021 supera esta cantidade.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Xustificantes de ingresos por un importe de 454,55 € (Lote 2) e 537,19 € (Lote 3) que cobren a garantía definitiva dos respectivos lotes, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA e o certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da empresa e a declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 5 de abril de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 15:01	Páxina 9 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1A64H-CDBA4B-3BD889-GKLF1A-LEC78G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar BENITO URBAN, S.L.U. (Lote 1) PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U. (Lotes 2 e 3), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BENITO URBAN, S.L.U. (Lote 1) PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U. (Lotes 2 e 3), de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 29 de xaneiro de 2024.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *Adxudicar a BENITO URBAN, S.L.U. o Lote 1 do procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de mobiliario urbano (50396-446) coas seguintes condicións:*
  - *O prezo total do contrato é de 83.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.404,96 euro.*
  - *Propón unha porcentaxe de desconto de 14,20 % a aplicar aos prezos unitarios relacionados no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para o Lote 1.*
  - *Propón unha redución do prazo de entrega máximo previsto na cláusula 5 do PPT (30 días) dos materiais a subministraren de DIEZ (10) días.*
  - *Incrementa o prazo mínimo de garantía exixido na cláusula 6 do PPT (3 anos)*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 15:01	Páxina 10 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1A64H-CDBA4B-3BD889-GKLF1A-LEC78G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



en DIECIOCHO (18) meses.

2. Adxudicar a PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U. os Lotes 2 e 3 do procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de mobiliario urbano (50396-446) coas seguintes condicións:

-LOTE 2

- O prezo total do contrato é de 11.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.909,09 euro.
- Propón unha porcentaxe de desconto do 4 % a aplicar aos prezos unitarios relacionados no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para o lote II.
- Propón unha redución do prazo de entrega máximo previsto na cláusula 5 do PPT (30 días) dos materiais a subministrar de 15 días.
- Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido na cláusula 6 do PPT (3 anos) en 18 meses.

- LOTE 3

- O prezo total do contrato é de 13.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.256,20 euro.
- Propón unha porcentaxe de desconto do 5 % a aplicar aos prezos unitarios relacionados no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para o lote III.
- Propón unha redución do prazo de entrega máximo previsto na cláusula 5 do PPT (30 días) dos materiais a subministrar de 15 días.
- Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido na cláusula 6 do PPT (3 anos) en 18 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

**b) Procedemento aberto para a contratación da redacción do proxecto de “Prolongación do túnel de Elduayen ao encontro co novo vial do proxecto de urbanización do Barrio do Cura” (1733-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a UTE ALFONSO PENELA - CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. en 7 de marzo de 2024. Este presenta a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional, dos medios persoais e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, a solicitude de retención no prezo da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, figuran no expediente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT, Concello de Vigo e ATRIGA) e coa Seguridade Social.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 15:01	Páxina 11 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1A64H-CDBA4B-3BD889-GKLF1A-LEC78G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da redacción do proxecto de "Prolongación do túnel de Elduayen ao encontro co novo vial do proxecto de urbanización do Barrio do Cura" (1733-441)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 1 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación da REDACCIÓN DO PROXECTO DE "PROLONGACIÓN DO TÚNEL DE ELDUAYEN AO ENCONTRO CO NOVO VIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO BARRIO DO CURA", cun orzamento base de licitación que ascende a un total de DOUSCENTOS OITENTA E OITO MIL CINCOCENTOS NOVENTA E UN EUROS con NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS" (288.591,96 €), Ive engadido, segundo a seguinte distribución de anualidades:*

2023	88.591,96 €
2024	200.000,00 €

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos en data 22.09.2023.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 22.11.2023.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación partida orzamentaria 1539 6190003 (Porta da Sol), proxecto de gasto 17153903, do vixente orzamento 2023 por importe de 88.591,96 €, e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2024, na partida orzamentaria 1539 6190003, crédito por importe de 200.000,00 €.*

*Quinto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de traballo previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 15:01	Páxina 12 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1A64H-CDBA4B-3BD889-GKLF1A-LEC78G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 44,30 %.

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 4 de marzo de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da redacción do proxecto de "Prolongación do túnel de Elduayen ao encontro co novo vial do proxecto de urbanización do Barrio do Cura" (1733-441) na seguinte orde descendente:

	<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
1	<b>UTE ALFONSO PENELA - CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L.</b>	<b>89,13</b>
2	G.O.C., S.A.	83,07
3	UTE GALAICONTROL, S.L. - TYLin GPO, S.L.	71,13

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ALFONSO PENELA - CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscripción dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ALFONSO PENELA - CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., o día 7 de marzo de 2024, que presenta a documentación requirida os días 20 e 21 de marzo de 2024, dentro do prazo concedido, e o día 4 de abril de 2024, fora do prazo. Con respecto a esta última documentación, presentada fora do prazo concedido, en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda da documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede admitila.

A documentación presentada consta de:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 15:01	Páxina 13 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1A64H-CDBA4B-3BD889-GKLF1A-LEC78G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- O certificado de inscrición de ALFONSO PENELA no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia e a escritura de constitución de CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (166.954,03 €), presentan as contas do ano 2022 de CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. e o modelo 390 do ano 2023 de ALFONSO PENELA nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade en ambos casos.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (202.014,37 €), presentan facturas nas que a suma dos importes do ano 2021 supera esta cantidade.
- Acreditación dos medios persoais mediante as correspondentes titulacións, informes de vida laboral, CV e declaración responsable dos licitadores.
- Solicitud de retención do importe na garantía no prezo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA de ambas compoñentes da UTE.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 5 de abril de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE ALFONSO PENELA - CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

